


UNIDADES LINGÜÍSTICAS

1. QUE É A LINGUA?

A lingua é un código que utilizamos para nos comunicar. Trátase dun sistema que organiza as unidades que o compoñen de menos a máis, de tal maneira que, a partir de 26 fonemas (unidades lingüísticas máis pequenas) que ten a lingua galega, pódese crear un número ilimitado de textos (unidade lingüística máis grande).

2. CLASIFICACIÓN DAS UNIDADES LINGÜÍSTICAS

Pensemosen unha pirámide invertida en que as unidades lingüísticas se organizan nunha xerarquía e, desde o máis pequeno (fonemas) pódese formar os máis grande (textos).



3. CARACTERIZACIÓN DAS UNIDADES LINGÜÍSTICAS

UNIDADES	CARACTERÍSTICAS	DISCIPLINA QUE SE ENCARGA DO SEU ESTUDO
FONEMA	<p>Unidade lingüística máis pequena, non ten significado, pero ten carácter distintivo:</p> <p><i>/c//a//s//a/</i> non é o mesmo ca <i>/p//a//s//a/</i></p>	Fonoloxía
MONEMA	<p>Unidade lingüística mínima con significado. Os monemas poden ser de dous tipos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - <u>Lexemas</u>: achéganlle o significado léxico ás palabras (<i>rapaz, rapazada, rapazolo...</i>). - <u>Morfemas</u>: poden ser de dous tipos: <ul style="list-style-type: none"> • Gramaticais: indican xénero, número, tempo verbal, persoa... (<i>moz-a-s, ama-ba-s...</i>). • Derivativos: forman palabras novas e poden ser prefixos (<i>im-par</i>) ou sufixos (<i>cas-iña</i>). 	Morfoloxía (é unha rama da Gramática)

<p>PALABRA</p>	<p>Unidade lingüística conformada por unha secuencia de fonemas, separada na escrita por dous espazos en branco. As palabras poden estar formadas por:</p> <ul style="list-style-type: none"> - <u>Un lexema</u>: <i>sol, rapaz...</i> - <u>Máis de un lexema</u>: <i>aninovo (ano+novo)...</i> - <u>Un lexema e distintos morfemas</u>: <i>moz-o-s, in-móbil, martel-ada...</i> 	<p>Morfoloxía</p>
<p>SINTAGMA</p>	<p>Unidade lingüística conformada por palabras, non leva verbos, cumpre función dentro da oración e pode ser de varios tipos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - <u>Sintagma nominal</u> (S.N.): <i>Aquel rapaz</i> (o núcleo é un substantivo). - <u>Sintagma adxectivo</u> (S. ADX.): <i>Moi guapa</i> (o núcleo é un adxectivo). - <u>Sintagma adverbial</u> (S. ADV.): <i>Demasiado ben</i> (o núcleo é un adverbio). - <u>Sintagma preposicional</u> (S. PREP.): <i>De Muros</i> (formado por un enlace, que é a preposición, e un termo). 	<p>Sintaxe (é unha rama da Gramática)</p>

ORACIÓN	<p>Unidade lingüística con autosuficiencia semántica (sentido completo) e autosuficiencia sintáctica. Xeralmente consta de dous elementos nucleares:</p> <ul style="list-style-type: none"> - <u>Suxeito</u>: indica que ou quen realiza a acción do verbo. - <u>Predicado</u>: aquilo que se di do suxeito. <i>Carme</i> (suxeito) <i>vai na escola</i> (predicado). 	Sintaxe
ENUNCIADO	<p>Unidade lingüística capaz de expresar unha mensaxe completa nun contexto determinado. Pode ser unha palabra (<i>Adeus!</i>), un sintagma (<i>Grandes rebaixas!</i>) ou unha oración (<i>Vinde ás rebaixas!</i>).</p>	Pragmática
TEXTO	<p>Unidade lingüística máis grande conformada por unha sucesión de oracións. O texto ten unha extensión moi variable: carta, correo electrónico, noticia, conto, novela...</p>	Lingüística do texto